



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2018

Santiago de Compostela, 07 de febreiro de 2019


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2018

- O Índice de producción industrial de Galicia (IPI) rexistrou en decembro de 2018 unha caída do 1,0% con respecto a decembro de 2017, a nivel nacional rexistrouse un retroceso do 4,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens intermedios retrocederon un 3,1% e 10,9% respectivamente. Pola contra, os bens de equipo e a enerxía creceron un 1,2% e 7,9% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “confección de roupa de vestir”, á “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” e á “fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” que restan 0,4 puntos cada unha, á “fabricación de mobles” que resta 0,6 puntos e á “metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas” que resta 1,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as ramas con maiores achegas positivas destacan a “fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado” que achega 2,3 puntos e a “fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que suma 0,7 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	97,4	-1,0	4,9
Bens de consumo	91,0	-3,1	0,8
Bens de equipo	82,5	1,2	1,9
Bens intermedios	94,5	-10,9	5,7
Enerxía	120,3	7,9	11,1

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de decembro de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do -1,0%, empeorando en 2,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (1,1%). En España rexistrouse un retroceso do 4,2%, empeorando en 1,0 puntos a taxa acadada no mes anterior (-3,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha diminución do 3,1%, o que ten unha repercusión negativa de 0,7 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un aumento do 1,2%, o que suma 0,3 puntos.
- Os **bens intermedios** decreceron un 10,9% cunha repercusión negativa de 2,9 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 7,9% achegando 2,4 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de novembro de 2018, por destino económico, os bens de consumo empeoran 1,1 puntos, os bens de equipo melloran 3,9 puntos, os bens intermedios empeoran 8,0 puntos e a enerxía empeora 5,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

No conxunto do ano 2018, o IPI galego creceu un 4,9%, superando ao do conxunto de España (0,8%). Por destino económico dos bens, todos rexistran taxas positivas; a enerxía rexistra o maior incremento (11,1%), seguido dos bens intermedios (5,7%). En España, os bens de consumo e a enerxía amosan taxas negativas, -0,1% e -1,7% respectivamente.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de decembro foron: a “produción de enerxía eléctrica” que achega 2,3 puntos e a “fabricación de vehículos de motor” que engade 0,7 puntos.

No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas” que minora 1,6 puntos e a “fabricación de mobles” que resta 0,6 puntos cada unha á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -20,2% de La Rioja e o 2,2% da Comunidad de Madrid. Ademais de Madrid, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Cantabria (0,3%), Comunitat Valenciana (-0,3%), Galicia (-1,0%), País Vasco (-1,6%), Aragón (-2,0%), Andalucía (-3,8%) e Castilla - La Mancha (-4,0%).

IPI decembro 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España, recolléndose en Galicia uns 1.600 datos.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	97,4	-1,0	4,9	--	--
Bens de consumo	91,0	-3,1	0,8	-0,7	0,2
Bens de equipo	82,5	1,2	1,9	0,3	0,5
Bens intermedios	94,5	-10,9	5,7	-2,9	1,6
Enerxía	120,3	7,9	11,1	2,4	2,7
España					
Xeral	92,9	-4,2	0,8	--	--
Bens de consumo	90,4	-0,9	-0,1	-0,2	0,0
Bens de equipo	94,6	-3,1	2,7	-0,7	0,6
Bens intermedios	89,2	-2,4	1,7	-0,7	0,5
Enerxía	99,5	-10,5	-1,7	-2,6	-0,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-1,0		4,9		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	9,7	2,3	11,1	2,1	22,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	9,0	0,7	-7,0	-0,8	13,1
Industria da alimentación	1,3	0,2	3,7	0,5	13,2
Industria téxtil	10,6	0,0	-14,7	-0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	0,3	0,0	19,8	0,1	0,5
Fabricación de bebidas	-0,2	0,0	3,5	0,1	3,5
Outras industrias extractivas	-5,4	0,0	8,2	0,1	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-2,2	-0,1	3,9	0,1	2,0
Industria do papel	-3,3	-0,1	-0,6	0,0	2,2
Industria química	-6,2	-0,1	7,0	0,1	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-3,1	-0,1	5,1	0,2	3,6
Fabricación doutro material de transporte	-8,1	-0,1	77,8	1,0	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-7,9	-0,2	-4,2	-0,1	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-8,8	-0,2	4,5	0,1	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-14,3	-0,3	8,6	0,2	1,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-4,6	-0,4	5,1	0,4	7,7
Confección de roupa de vestir	-12,4	-0,4	-4,2	-0,2	4,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-9,5	-0,4	3,1	0,1	4,1
Fabricación de mobles	-31,0	-0,6	-18,4	-0,3	1,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-26,0	-1,6	6,6	0,3	5,1
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	92,9	-4,2	0,8
Galicia	97,4	-1,0	4,9
Andalucía	104,0	-3,8	-2,9
Aragón	88,2	-2,0	1,0
Asturias	102,5	-4,3	2,2
Baleares (Illes)	78,1	-16,5	-3,9
Canarias	91,7	-8,2	-0,4
Cantabria	99,3	0,3	6,6
Castilla - La Mancha	91,7	-4,0	-0,1
Castilla y León	80,4	-9,8	1,1
Cataluña	89,9	-8,0	0,8
Comunitat Valenciana	93,6	-0,3	1,0
Extremadura	89,3	-6,9	0,9
Madrid	99,2	2,2	1,9
Murcia	100,5	-6,6	-0,7
Navarra	81,2	-10,6	0,4
País Vasco	91,9	-1,6	0,5
Rioja (La)	68,8	-20,2	-5,6

Fonte: INE